

# O QUE ESCONDE SILVER LAKE

[David Robert Mitchell, 2018]

# 468

ESTREA EN NUMAX: 28.12.2018 | V.O.S.E. | +16

*Under the Silver Lake* (2018, 140')

**Dirección:** David Robert Mitchell

**Guión:** David Robert Mitchell

**Elenco:** Andrew Garfield, Riley Keough, Callie Hernandez, Topher Grace, Jimmi Simpson, Riki Lindhome, Summer Bishil, Zosia Mamet, Patrick Fischler

**Montaxe:** Julio Perez IV

**Dirección de arte:** Steven Light-Orr, James Terry Welden

**Vestuario:** Caroline Eselin

**Son:** Sean M. Baker

**Música:** Rich Vreeland

**Fotografía:** Mike Gioulakis

**Produtora:** Michael De Luca Productions, Stay Gold Features, Vendian Entertainment (EEUU)

**Distribuidora:** Vértigo Films

**Formato de proxección:** DCP2K, 2.35:1

**Idioma orixinal:** Inglés

## PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2018 (Sección oficial), Sitges 2018 (Sección Oficial e Mención Especial da Crítica)

## FILMOGRAFÍA

*It Follows*, 2014

*El mito de las adolescencia*, 2010

## SINOPSE

Sam é un mozo de 33 anos que, unha noite, descobre a Sarah, unha muller misteriosa que nada na piscina do seu apartamento. A conexión entre ambos é inmediata. Porén, a moza desaparece ao día seguinte.

«Un neo-noir capaz de combinar a solemnidade de *Vertigo* con ideas dignas de *Scooby-Do*. Un filme magnífico.»

Pablo González Taboada, CINEMANÍA



# O QUE ESCONDE SILVER LAKE

[David Robert Mitchell, 2018]

## «Queríame situar na tradición dos filmes de detectives de LA»

Entrevista con David Robert Mitchell  
Por Joe Utichi

**Cal foi a mecha que fixo prender a historia?** Eu estaba a escribir varios guións en cadea, sen parar. Estaba nun momento da miña vida na que me viñan unha morea de ideas á cabeza e o que me prestaba era remixelas e ver que saía. Atopábame a piques de rematar un guión co que non estaba completamente satisfeito. Sentía a necesidade de facer algo distinto, de procurar unha certa liberdade.

Un día falando coa miña muller imaxinamos como sería realmente a vida nesas grandes casas de Hollywood. Que cousas estrañas poden chegar a suceder alí? Daquela puxémonos a pensar nos misterios que podían acontecer nese contexto e varias imaxes e sentimentos agromaron no meu cerebro rapidamente. Ao día seguinte parei o guión que estaba a escribir e púxenme con este. Escribino de maneira obsesiva, nunha estado próximo á tolemia, inusual en min, moi intenso. Bebín moito café eses días, moito máis do recomendado. A miña muller pensaba que virara tolo. Compartía con ela as páxinas que ía escribindo e riamos a cachón, escollendo aquelas que nos

parecían máis atinadas, até que rematei. Nese momento só llo ensinei a un par de persoas e logo embarqueime no proxecto de *It Follows* (2014).

**Volvendo á tolemia da que falabas, houbo algún elemento autobiográfico na escrita dos personaxes?** Desde logo fun recollendo elementos do mundo que me rodea pero creando sempre unha nova versión. Pero se a pregunta é se eu son o personaxe principal, a resposta é claramente non. Imaxinei unha versión distorsionada do mundo que coñezo, nalgún xeito é moi persoal e noutros todo o contrario. Coido que hai elementos da miña vida, pero non responde ao meu comportamento nin ao tipo de vida que me rodea.

**De que maneira se relaciona o filme coa cidade de Los Angeles (LA)?** Tentei ser todo o específico posíbel. Noutros filmes anteriores o tempo e o espazo eran máis vagos pero aquí tentei afinar todo o que puíden. A historia sucede en Los Angeles, no verán de 2011. Evidentemente logo agroma a fantasía e construí un pesadelo con todo isto.

**Porque esa atención ao concreto?** Por respectar o momento no que o escribín. Eu estaba a imaxinar un período do que fun testemuña e que ten unhas implicacións culturais, con respecto a como a xente vivía, falaba e as cousas que lles gustaban. Moitas desas cousas mantéñense hoxe pero non da mesma maneira. Quixen capturar un intre culturalmente xenuíno.

**Volvendo á cidade de Los Angeles, por que decidiches gravar alí? Os teus dous filmes anteriores emprazábanse en Michigan.** Hai unha longa tradición de filmes de misterio localizados en LA, cos que o filme se relaciona. Sempre me gustaron os filmes gravados en LA, mesmo antes de vivir aquí, ver a paisaxe, os espazos icónicos. Logo de vir vivir aquí esa sensación incrementouse ao sentir os espazos reais. Quería que o filme se situase na tradición das películas de detectives de LA. Medrei en Michigan, que é a miña casa, pero logo de varios anos aquí, considero Los Angeles como a miña segunda casa.

**Houbo algunhas críticas que incidiron na ollada masculina do filme.** Alguén ten escrito que o filme leva a cabo unha obxectualización da muller, pero non son eu, é o personaxe quen o fai. El é un *voyeur*. O personaxe fai cousas terribes coas que eu non concordo. O filme, as accións do personaxe, non coinciden cos meus pensamentos políticos. Non é así como eu vexo o mundo ou a miña vida. Non creo que se deba ver no protagonista un modelo de vida. Se o fas, estarás a caer nun terríbel erro. Coido que o filme ofrece unha ollada escura da humanidade, incluíndo homes e mulleres. Non creo que as mulleres do filme saian peor paradas que os homes. En todo caso todas as opinións son respectábeis, mesmo cando non as compartas.

Publicado en deadline.com  
Tradución: Xan Gómez Viñas

### NA LIBRARÍA NUMAX

*It Follows*, David Robert Michell.  
Cameo [DVD]

## NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | www.numax.org

**4€**  
**Faite NUMAX!**

**Abónate agora e ven sempre por**